

**Acta núm. 10/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 4 de maio de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 4 de maio de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2021, DO 27.04.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2021, DO 27.04.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 27.04.2021, acta núm. 09/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE VENTURA RUIZ, na que comunica que vai colocar un cartel publicitario de venta na parcela con referencia catastral 6747217NH2464N0001PD, na Avd. de Noia, Os Ánxeles, sen invadir as beirarrúas, máis separado da estrada que a aliñación establecida nos planos de ordenación municipal e fóra do dominio público, que será visible desde un tramo urbano da estrada AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a instalación do cartel, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN RIVEIRO CERQUEIRO, na que comunica que vai construír un porche de 10 m², na vivenda do Outeiro 25, Os Ánxeles, situado a 6 metros do eixe do vial e con cubrición de tella.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8042707NH2484S0001QY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
 .- Situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,50 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 93,07 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO LAPIDO ABEIJÓN, na que comunica que vai construír un peche en contacto coa vía pública, de aproximadamente 75 metros de lonxitude, con muro de pedra de 1 metro de alto e arame por enriba, ata a altura total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo, en Vioxo de Abaixo, Luaña. A parcela (referencia catastral 1442303NH2414S0001PQ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado, como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,40 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 145,97 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISABEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta en Guisande 47, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6633504NH2463S0001MR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Situarase mínimo a 8 metros do eixe do vial e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 307,70 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 372,27 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES BELLO VILLAVERDE, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Souto 3, Os Ánxeles:

.- Obras interiores no soto demolendo un tabique e construíndo un pavimento de formigón pulido.
 .- Obras de pavimentación exterior con formigón e reparación do acceso á parcela.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5836408NH2453N0001KG) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 132,31 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN NEO PENIDE, na que comunica que vai reparar un hórreo de aproximadamente 12 m², en Nináns 2, Luaña, que non está incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM. As obras consistirán en substituír o revestimento no mesmo material (madeira) e cor e reparar o tellado colocando tella nova, sen modificar a estrutura nin o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 0449106NH2405S0001TF), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,53 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA SALGUEIROS SUÁREZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita na Avda. de Santa Minia 67, substituíndo a totalidade da tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6261507NH2466S0001HO), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 58,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,47 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SABINO GROBAS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Cirro 22, San Salvador, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7731321NH2473S0001JI) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 126,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 190,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO REY COUSO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Coruxido 20, Bastavales:

.- Un peche de parcela, de 126 metros de lonxitude aproximadamente, con bloques de formigón revestido e pintado ata unha altura de 30 cm. e postes de formigón e arame por enriba; ata unha altura total de 1,80 metros con respecto á rasante natural do terreo.

.- Unha edificación auxiliar, alpendre, para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloque revestido e pintado e tella como material de cubrición, de aproximadamente 40 m².

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7505140NH2470N0000PJ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,5 metros do eixe do vial.

.- O alpendre situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 226,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 291,41 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRA PERNAS ABAD, na que comunica que vai aumentar a altura dun peche existente na Avd. Vicente Ramos 37, Os Ánxeles, de aproximadamente 45 metros de lonxitude, de separación coa parcela lindeira polo norte, colocando bloque revestido e pintado e celosía por enriba.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 000300600NH24D0001QX) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A parte do peche de fábrica de bloques non superará a altura de 1,50 metros e a altura total será como máximo 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,50 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 96,07 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSALÍA FERREIRO MONTERO, na que comunica que vai demoler as escaleiras e separar as terras do cerramento da vivenda de Gándara 3, San Salvador, para arranxar os problemas de humidades actuais. A terra, que será separada da vivenda aproximadamente a 2 metros, conterase cun muro de bloques de formigón de altura inferior a 1,50 metros.

A parcela (referencia catastral 8134802NH2483S0001LS) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 136,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 200,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Iria Comoxo Gómez, que di actuar en representación de EVA NIETO CAAMAÑO e IVÁN MOSQUERA CID, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina no Cabo 26, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Iria Comoxo Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.10.2020 e documentación complementaria visada o 07.04.2021.

A parcela onde se pretende executar a obra (resultante da segregación da parcela con referencias catastrais 7645806NH2474N0001LJ e 7645806NH2474N0000KH, outorgada pola Xunta de Goberno Local o 11.12.2018) está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe de Augas de Galicia (clave DH.W15.75044), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Iria Comoxo Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.10.2020 e documentación complementaria visada o 07.04.2021.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (35 m² aceptados pola Xunta de Goberno Local do 11.12.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 m. de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.910,01 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 107,83 euros.

Total: 3.017,84 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por GUILLERMO BLANCO GARCÍA, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 8308403NH2480N0001EX, situada na Caxusa, Bastavales, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 177/21.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 8308403NH2480N0001EX

Superficie: 7.084 m² (segundo medición recente)

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Estrella Blanco Madeiro (1.048), hoxe José Chaves Blanco.

Sur: Rosalía Martínez.

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Segregación pretendida:

Parcela 1.049- 1 (resto matriz):

Superficie bruta: 4.095 m².

Superficie de cesión: 76 m² (a 5,5 metros do eixe do vial).

Superficie neta: 4.019 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Estrella Blanco Madeiro (1.048), hoxe José Chaves Blanco.

Sur: Rosalía Martínez.

Leste: parcela 1.049-2 procedente desta segregación.

Oeste: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Parcela 1.049- 2:

Superficie bruta: 2.989 m².

Superficie de cesión: 123 m² (a 4 metros do eixe do vial).

Superficie neta: 2.866 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Estrella Blanco Madeiro (1.048), hoxe José Chaves Blanco.

Sur: Rosalía Martínez.

Leste: zona excluída e ademais hoxe con camiño público.

Oeste: parcela 1.049-1 procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 76 m² e 123 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González